

ACTIVIDADE GLOBALIZADORA (AXC, MIS E CAS)

A continuación presentamos a tarefa que deberedes realizar para continuar cos módulos de AXC, MIS e CAS. A idea é que **DESEÑEDES E LEVEDES A CABO** actividades propias do voso ámbito profesional que se adapten ás circunstancias tan excepcionais que estamos vivindo. É necesario deseñar/programar unha actividade e poñela en práctica neste trimestre.

Trátase dunha actividade grupal, na que, ademais da **posta en práctica**, deberedes **entregar dous documentos**. Máis abaixo dámosvos algunhas ideas pero, por suposto, poderedes facer algunha outra cousa que se vos ocorra (consultádea con nós antes de comezar).

A actividade deberes realizala, preferiblemente, en **grupos de máximo 3/4 persoas**. De modo excepcional, se por algún motivo concreto alguén non puidera realizala en grupo, poderá realizala individualmente avisando sempre con antelación a algún dos/as profes e esperando a que lle dea o visto bo.

A **data límite** para entregala é o 22 de maio, aínda que deberedes facer unha primeira entrega o día 6 de maio. Para este día deberedes presentar os obxectivos e unha idea do que queredes facer e como ides facelo. Pensade que o 22 de maio tedes que presentar os documentos, pero nese tempo entre hoxe e o 22 de maio tamén tedes que desenvolver a tarefa pensada/programada, tédeo en conta á hora de planificar e organizar os tempos (3 semanas e media).

Documentos que debedes entregar:

DOCUMENTO 1: O proxecto. Nel debedes incluír o seguinte:

1. TÍTULO
2. OBXECTIVOS: dependendo da proposta concreta poderanse presentar divididos en xerais e específicos ou non.
3. XUSTIFICACIÓN
4. DESTINATARIOS: neste apartado deberedes explicar claramente a que colectivo están destinadas e explicar as características ou peculiaridades propias de este colectivo.
5. METODOLOXÍA: este é un apartado que quizais vos resulte algo máis complexo. O importante aquí é que expliquedes como ides conseguir os vosos obxectivos, os pasos que daredes para conseguilo . Tamén é importante que especifiquedes como ides facer a publicidade da actividade, para que lle chegue á xente e a coñezan.
6. TEMPORALIZACIÓN: neste apartado o que pedimos é que expliquedes como ides calendarizar esta proposta. Non o voso traballo, que iría no documento 2, senón: a proposta que escolledes, como se vai a desenvolver no tempo.
7. RECURSOS: explicaredes aquí todos os recursos humanos e materiais que precisaredes.
8. AVALIACIÓN: neste apartado deberedes presentar varios aspectos:
 - 8.1. Porqué é importante a avaliación e que tipos de avaliación ides levar a cabo (dependendo do momento e da función que teña)
 - 8.2. Como ides facer os diferentes tipos de avaliación, indicando que técnicas e instrumentos ides empregar.
 - 8.3. Deseño dos instrumentos e técnicas.

DOCUMENTO 2: DE XESTIÓN/PLANIFICACIÓN DO PROCESO

No **documento de xestión**, un documento aparte, debes poñer a planificación da actividade: concreción de tarefas, cando realizaredes cada tarefa (temporalización destas), asignación de responsabilidades (quen se ocupa de cada tarefa)... o que fixemos no Trello e no EDUGAL durante a preparación. Podes ver os criterios de avaliación para guiarvos.

POSIBLES ACTIVIDADES (son ideas, pero podes propoñer o que consideredes que pode respostar a unha demanda/necesidade cultural dalgún colectivo):

1. Canle de Difusión:
 - o Recomendación de Libros/Lecturas para o confinamento (de estimulación cognitiva, de formación para animadorxs, de igualdade de xénero,...)
 - o Recomendacións Musicais...
 - o Obradoiros sinxelos para todos os colectivos (non só infancia)
 - o Obradoiros para usuarios de Centros de Día/Residencias Terceira Idade
 - o Elaboración de podcasts de interese
 - o Videos, memes, unha miniserie...que reflecta a nosa situación actual na sociedade. Exemplo: "crónicas dunha cuarentena", Martita de graná en youtube, algo feito con monicreques ou outro tipo de materiais,...
2. Crear retos:
 - o Busca unha foto de cando tiñas menos de 10 anos, entre 10 e 30 anos, entre 30 e 50 e unha actual
 - o Contanos o momento máis emotivo que viviches cun/ha fillo/a
 - o Bailar unha coreografía sinxela adaptada (e montar un vídeo despois);....
3. Recolleita de tradición oral dunha zona:
 - o Cantigas dos nosos maiores na zona "x"
 - o Xogos de dedos/elexir quendas/.... da súa infancia; ...
4. Crear un mapa/repertorio de recursos/servizos/empresas de formación para animación sociocultural.
5. Animación á lectura (en diferentes idades). Tedes como referencia no Drive de AXC o documento de actividades para a animación lectora. Exemplo: Contacontos para unha entidade de infancia: cada semana 2 contos.
6. Creación dunha exposición virtual sobre algún aspecto de interese (debuxos, frases de xente sobre que farán cando volvamos á vida "normal", como vivimos a cuarentena,...). Organizar unha recolleita de Fotografía interxeracional (netxs-avxs) e preparar unha exposición (virtual?) coas mesmas.
7. Convocatoria de concursos: patrimonio desde a miña ventana, Decora a túa ventá, de tik tok, concurso de Fotografía/Microrelatos/MiniVdeos destinados a un colectivo concreto: enfermidade mental, discapacide intelectual, xuventude, persoas maiores...ou con temáticas diversas ("Cociña Confinada", "O que vexo dende a miña ventá"...).
8. Adaptación das actividades de AXC que estabades a deseñar á situación actual: unha maratón virtual para mobilizar á xente por unha causa? Algo do proxecto ríos virtual? (unha visita, recompilación de patrimonio...) Un pasapalabra online? Algo para a recuperación do xogo tradicional online? (por exemplo, titoriais de elaboración de xoguetes tradicionais?) Elaboración dunha axenda cultural con actividades para facer durante o tempo na casa? Ou despois, ao saír? Algunha actividade para a celebración do Día das Letras Galegas?
9. Realización dun xogo de pistas online, escape room,...
10. Realización dalgunha actividade de dinamización da lingua galega
11. Algunha maneira de crear comunidade no IES: xa que non podemos ir ao IES, que o IES veña a nós

A continuación presentamos unha pequena guía que esperamos vos resulte de axuda para desenvolver este traballo.

GUÍA DE TRABALLO

1. Por onde empezar?

O primeiro que tedes que facer é crear o grupo e pensar en posibles ideas.

A idea ten que responder a unha demanda ou necesidade que observades na situación actual, nun colectivo específico. Por exemplo: necesidade da xente nova de falar cos seus amigos, necesidade dos proxenitores de ideas de actividades para facer en familia, ou necesidade de compañía da xente maior que vive soa...Podedes investigar de diferentes maneiras sobre estas necesidades, sería a vosa avaliación inicial.

Cando pensades nas vosas ideas, pensade en ofrecer algo conforme á estratexia do océano azul (ver orientacións de AXC que vos enviará Cris).

2. Despois da idea ...

Unha vez decidíchedes máis ou menos a idea, tedes que pensar cal é o obxectivo, é dicir, qué queredes conseguir con "iso" que ides facer, para qué serve. Por exemplo: quero entreter á xente (obxectivo), e fago sketches de risa (estratexia ou medio para acadalo). Quero facer unha crítica da nosa sociedade (obxectivo), e decido facer memes (estratexia ou medio para acadalo). Neste apartado podedes tamén incluír outros aspectos metodolóxicos: principios, valores que queredes transmitir, estratexias participativas,...o que queirades. Importante tamén decidir o público.

3. Cómo imos a difundir a nosa idea?

É tamén importante pensar como o imos difundir, como ides conseguir que esta actividade que propoñedes chegue á xente: canles, medios, mensaxes que imos transmitir,...

4. Secuenciar as actividades, videos, memes ou o que decidades facer.

5. E pensar como o ides avaliar

En cada apartado do proxecto recordade que o máis importante é a coherencia entre os apartados. É dicir, cando me poño a deseñar actividades (no formato que sexan) teño que ter presentes en todo momento os obxectivos e pensar: con estas actividades podo conseguir estes obxectivos? Os recursos que propoño permiten realizalas? Son os axeitados para o público ao que destino a acción? Coa avaliación que deseñamos, estamos realmente comprobando se os obxectivos se cumpriron, ou estamos avaliando outras cousas? Apórtanos a información que realmente necesitamos coñecer para valorar os obxectivos?

A coherencia e o encaixe entre todos os apartados é fundamental.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS TRABALLOS POR CADA MÓDULO

AXC	
No documento de xestión/planificación:	
CA5.3. Estableceuse a secuencia das actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica (concreción das tarefas)	
CA5.4. Determináronse os recursos e os medios técnicos necesarios para cada actividade cultural (os necesarios en cada momento da planificación, especificados no documento de xestión do proceso, non no proxecto)	
CA5.5. Asináronse tempos de execución e recursos materiais e humanos aos traballos relacionados co desenvolvemento dos eventos culturais (a cada tarefa, data na que as temos que ter feitas)	
No documento de proxecto	
CA6.2. Seleccionáronse estratexias para a realización de actividades de animación cultural a partir de diversas expresións culturais (metodoloxía) Tedes que concretar o aspecto cultural do que partides (tipo de patrimonio, unha expresión da cultura concreta,...), e que facedes con el: democracia, democratización, ambas...	
CA6.3. Obtívose información para fundamentar a intervención. Obter información do contexto, das necesidades, do colectivo ao que diriximos a actividade...	
CA6.4. Realizáronse actividades de animación cultural coherentes co recurso utilizado	
CA6.5. Manexáronse os equipamentos e os medios audiovisuais e técnicos necesarios para a posta en práctica das actividades culturais	
CA6.6. Realizáronse adaptacións no desenvolvemento das actividades para posibilitar a participación de colectivos con necesidades específicas	
CA7.2. Describíronse os medios, as estratexias e as técnicas principais para a promoción e a difusión dos proxectos de animación cultural	
CA7.4. Elaboráronse recursos para a promoción e a difusión de proxectos de animación cultural	
NOTA	
CAS	
CA1. A proposta de intervención adaptase ó contexto actual das persoas destinatarias.	
CA2. A proposta de intervención ten en conta as características propias do/s colectivo/s ó/s que se dirixe	
CA3. A proposta de intervención ten en conta as necesidades propias do/s colectivo/s ó/s que se dirixe.	
CA4. As propostas de intervencións están adaptadas/son axeitadas para o colectivo ó que se dirixe.	
CA5. Inclúense mecanismos de accesibilidade nas propostas de intervención.	
CA6. Compréndense as funcións da persoa profesional da Animación Sociocultural no contexto do servizo/programa/ámbito de intervención concreto.	
CA7. A proposta resulta pertinente/apropiada para o tipo de servizo/programa no que se inclúe.	
CA8. Establécense mecanismos para coñecer/incluír as demandas das persoas que compoñen o colectivo	
CA9. Búscase/acádase a participación activa das persoas destinatarias na xestión/execución das propostas de intervención	
CA10. Percíbese a perspectiva de xénero na proposta de intervención	
NOTA	

MIS	
RA1 - Determina métodos, técnicas e instrumentos para a análise da realidade social.	
<ul style="list-style-type: none"> ● Identificáronse os métodos, as técnicas e os instrumentos principais de obtención de información 	
<ul style="list-style-type: none"> ● Elaboráronse instrumentos coherentes coa súa finalidade 	
<ul style="list-style-type: none"> ● Seleccionáronse as técnicas de análise adecuadas á situación 	
<ul style="list-style-type: none"> ● Describíronse as fases do proceso de planificación 	
RA2 - Determina os elementos que constitúen un proxecto de intervención social.	
<ul style="list-style-type: none"> ● Xustificouse a necesidade de fundamentar adecuadamente os proxectos de intervención 	
<ul style="list-style-type: none"> ● Identificáronse os elementos fundamentais da planificación 	
RA5 - Define procedementos de avaliación de proxectos de intervención social.	
<ul style="list-style-type: none"> ● Explicáronse as funcións e os principios xerais da avaliación 	
<ul style="list-style-type: none"> ● Concretáronse as técnicas, os indicadores, os criterios e os instrumentos de avaliación de proxectos de intervención social 	
<ul style="list-style-type: none"> ● Describíronse modelos, técnicas e instrumentos de avaliación na intervención social 	
<ul style="list-style-type: none"> ● Describíronse as fases da avaliación 	
RA3 - Determina estratexias de promoción e difusión de proxectos de intervención social, tendo en conta a relación entre os recursos dispoñibles e os obxectivos perseguidos	
<ul style="list-style-type: none"> ● Argumentouse a importancia dos medios de comunicación na promoción e na difusión dos proxectos sociais 	
<ul style="list-style-type: none"> ● Describíronse os medios, as estratexias e as técnicas principais para a promoción e a difusión dos proxectos sociais 	
NOTA	